# Xardíns no Camiño de Santiago

En Galicia a orixe dos xardíns formais sitúase nas hortas de pazos, casas grandes e mosteiros. Nestes eidos, as plantacións hortícolas adoptarían progresivamente unha disposición que permitise a súa combinación con especies ornamentais e aparecerían camiños destinados ao paseo.

Os principios da xardinaxe que trouxeran os romanos, desapareceron posteriormente quedando confinados unicamente nos mosteiros, onde os claustros ou os espazos destinados a horta presentan unha certa vertente ornamental, combinando o usos de produción e o desfrute da natureza.

Ao fin, os usos produtivos e o lecer sepáranse definitivamente xurdindo os xardíns artísticos, que aínda que aparecen ligados inicialmente aos pazos, espállanse rapidamente ás quintas e aos espazos hortícolas das casas urbanas. Máis adiante os xardíns transcenden do ámbito privado aparecendo os xardíns e parques públicos vinculados ao romanticismo e á idea do goce libre da natureza.

O camiño de Santiago como ruta de comunicación de ideas e modas na Europa, probablemente exercería de vía de entrada en Galicia de conceptos e ideas relacionadas coa xardinaxe e a agricultura



A Alameda de Suances (Ferrol), comézase a erixir en 1784 e convértese na primeira alameda pública de Galicia



No actual espazo ocupado pola alameda dos Remedios (Mondoñedo) o rexedor Luis de Luaces organizou o 4 de febreiro de 1594 a primeira festa da árbore da que se ten constancia documental no mundo



Os pazos acollen sen dúbida as máis notábeis mostras da xardinería en Galicia (xardín do Pazo de Oca, A Estrada)




**Xardíns no Camiño**

- Alamedas
- Xardíns de Pazos
- Xardíns de mosterios

## Árbores monumentais no Camiño

1. **Teixo da Casa de Tenreiro**
   *Taxus baccata* L. (Pontedeume, Pontedeume)
   **Metrosideros Excelso do Xardín da Torre de Andrade**
   *Metrosideros excelsus* Soland. ex Gaernt. (Pontedeume, Pontedeume)
   **Piñeiro bravo de Leiro**
   *Pinus pinaster* Ait. (Leiro, Pontedeume)
2. **Metrosideros excelso do Xardín da Policía Local da Coruña**
   *Metrosideros excelsus* Soland. ex Gaernt. (A Coruña, A Coruña)
   **Olmos do Xardín de San Carlos**
   ***Ulmus x hollandica*** Mill. (A Coruña, A Coruña)
   **Palmeiral Canario dos Xardíns de Méndez Núñez**
   *Phoenix canariensis* Hort. ex Chabaut. (A Coruña, A Coruña)
3. **"Pravia" de Vilalba**
   *Acer pseudoplatanus* L. (Vilalba, Vilalba)
4. **Érbedo do Pazo de Mariñán**
   *Arbutus unedo* L. (Mariñán, Bergondo)
   **Pacana de Illinois do Pazo de Mariñán**
   *Carya illinoensis* (Wangenh.) C. Koch. (Mariñán, Bergondo)
   **Eucaliptos do Pazo de Mariñán**
   *Eucalyptus globulus* Labill. (Mariñán, Bergondo)
   **Mirtos do Pazo de Mariñán**
   *Myrtus communis* L. (Mariñán, Bergondo)
   **Plátanos de Sombra do Pazo de Mariñán**
   *Platanus hispanica* Mill ex Muenchh. (Mariñán, Bergondo)
5. **Freixo de Porta**
   *Fraxinus excelsior* L. (Sobrado, Sobrado)
6. **Buxal da Casa de Botana**
   *Buxus sempervirens* L. (Paínza, Arzúa)
7. **Douglasia verde do Pazo de Casanova**
   *Pseudotsuga menziesii* (Mirb.) Franco (Bermás de Arriba, O Pino)
   **Acivro do Pazo de Casanova**
   *Ilex aquifolium* L. (Bermás de Arriba, O Pino)
8. **Eucaliptos do Paseo da Ferradura**
   *Eucalyptus globulus* Labill. (Santiago de Compostela, Santiago de Compostela)
   **"Perona" do Paseo da Ferradura**
   *Abies_nordmanniana (Steven) Spach* (Santiago de Compostela, Santiago de Compostela)
   **Tileiro Prateado da Alameda do Campo da Estrela**
   *Tilia tomentosa* Moench. (Santiago de Compostela, Santiago de Compostela)
   **Xinkgos do Pazo de Fonseca**
   *Ginkgo biloba* L.(Santiago de Compostela, Santiago de Compostela)
   **Carballeira de San Lourenzo de Trasouto**
   *Quercus robur* L. (Santiago de Compostela, Santiago de Compostela)
9. **Camelia Pantalóns do Pazo de Lens**
   *Camellia japonica* L. (Lens, Ames)
10. **Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador**
    *Cupressus sempervirens* L. Fastigiata (Samos, Samos)
11. **Sobreira de Valboa**
    *Quercus suber* L. (Valboa, A Estrada)
12. **Camelia do Pazo de Santa Cruz**
    *Camellia japonica* L. (Ortigueira, Vedra)
    **Carballo fastixiado do Pazo de Santa Cruz**
    *Quercus robur* L. *Fastigiata* (Ortigueira, Vedra)
    **Criptomeria do Pazo de Santa Cruz**
    *Cryptomeria japonica* (L. f.) D. Don (Ortigueira, Vedra)
    **Washingtonias Robustas do Pazo de Santa Cruz**
    *Washingtonia robusta* H. Wendl. ()Ortigueira, Vedra
    **Buxal do Pazo de Santa Cruz**
    *Buxus sempervirens* L. (Ortigueira, Vedra)
    **Tulipeiros de Virxinia do Pazo de Santa Cruz**
    *Liriodendron tulipifera* L. (Ortigueira, Vedra)
    **Magnolia Grandiflora do Pazo de Santa Cruz**
    *Magnolia grandiflora* L. (Ortigueira, Vedra)
    **Ombú do Pazo de Santa Cruz**
    *Phytolacca dioica* L. (Ortigueira, Vedra)
    **Retícula de Oliveiras do Pazo de Santa Cruz**
    *Olea europaea* L. (Ortigueira, Vedra)
13. **Camelia reticulada do Pazo de Oca**
    *Camellia reticulata* Lindl. (Oca, A Estrada)
    **Criptomeria Elegante do Pazo de Oca**
    *Cryptomeria japonica* (L. f.) D. Don *Elegans* (Oca, A Estrada)
    **Buxal do Pazo de Oca**
    *Buxus sempervirens* L. (Oca, Oca)
    **Carreira de Tileiros do Pazo de Oca**
    *Tilia platyphyllos* Scop. (Oca, Oca)
14. **Figueira da Casa-Museo de Rosalía de Castro**
    *Ficus carica* L. (Padrón, Padrón)
    **"Coroa de Cristo" do Xardín Histórico de Padrón**
    *Cercis siliquastrum* L. (Padrón, Padrón)
    **Carballo Fastixiado do Xardín Histórico de Padrón**
    *Quercus robur* L. Fastigiata (Padrón, Padrón)
    **Sequoias Vermellas do Xardín Histórico de Padrón**
    *Sequoia sempervirens* (D.Don) Endl. (Padrón, Padrón)
    **Palmeira do Senegal do Xardín Artístico de Padrón**
    *Phoenix reclinata* Jacq. (Padrón, Padrón)
    **Plátanos De Sombra do Paseo do Espolón de Padrón**
    *Platanus hispanica* Mill ex Muenchh. (Padrón, Padrón)
    **Oliveiras do Cemiterio de Adina**
    *Olea europaea* L. (Padrón, Padrón)
    **Palmeira datileira do Mosteiro de Herbón**
    *Phoenix dactylifera* L. (Herbón, Padrón)
15. **Fraga de Catasós**
    *Castanea sativa* Mill.; *Quercus robur* L. (Quintela, Lalín)
16. **Castiñeiro de Indias do Parque de Caldas de Reis**
    *Aesculus hippocastanum L.* (Caldas de Reis, Caldas de Reis)
    **Araucaria do Brasil do Parque de Caldas de Reis**
    *Araucaria angustifolia* (Bertol.) Kuntze (Caldas de Reis, Caldas de Reis)
    **Cunninghamia do Parque-Xardín de Caldas de Reis**
    *Cunninghamia lanceolata* (Lamb.) Hook. f. (Caldas de Reis, Caldas de Reis)
    **Carballeira de Caldas de Reis**
    *Quercus robur* L. (Caldas de Reis, Caldas de Reis)
17. **Alcanforeiros do Pazo de Rubiáns**
    *Cinnamomun camphora* (L.) (Feiranova, Vilagarcía de Arousa)
    **Eucaliptos do Pazo de Rubiáns**
    *Eucalyptus globulus* Labill. (Feiranova, Vilagarcía de Arousa)
    **Magnolias Grandifloras do Pazo de Rubiáns**
    *Magnolia grandiflora* L. (Feiranova, Vilagarcía de Arousa)
    **Taxodios do Xardín de Artime**
    *Taxodium distichum* (L.) Rich. (Carril, Vilagarcía de Arousa)
18. **Cedros do Himalaia dos Xardíns de Vincenti**
    *Cedrus deodara* (D. Don) G. Don (Pontevedra, Pontevedra)
19. **Calocedro do Pazo de Torrecedeira**
    *Calocedrus decurrens* (Torr.) Florin. (Cedeira, Redondela)
    **Camelias do Pazo de Torres de Agrelo**
    *Camellia reticulata* Lindl. (Anselle de Abaixo, Redondela)
    **Camelia sasanqua do Pazo de Torres de Agrelo**
    *Camellia sasanqua* Thunberg (Anselle de Abaixo, Redondela)
    **Tuia Xigante do Pazo de Torres de Agrelo**
    *Thuja plicata* Don ex D. Don. (Anselle de Abaixo, Redondela)

A Alameda e Xardíns de Vicenti (Pontevedra) convertéronse a finais do século XIX no centro da cidade, transformando a horta do convento de San Domingos e o antigo Campo da Feira nun espazo de lecer



As alamedas, polo menos nas vilas, continúan xogando un importante papel como lugar de reunión (alameda de Arzúa)



Vista aérea do mosteiro de Sobrado onde se aprecian os claustros axardinados e o amplo espazo agrícola anexo ao edificio, que foi reducido en gran medida durante a desamortización e na actualidade transformado de xeito parcial en xardín



Da actual Alameda de Ourense, consérvanse referencias dende o século XIII cando existía unha horta de oliveiras que daba nome ao espazo. Logo foi chamada Horta do Concello e nela celebrábanse as asembleas dos veciños da cidade

